

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 2 de novembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Angel Rivas González

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.10 horas do día dous de novembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña (por delegación o Sr. Lorenzo Penela), o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1398).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE VIAXES LOA GALICIA, POLO SERVIZO DE HOSPEDAXE EN RÉXIME DE PENSIÓN COMPLETA DA ACADEMIA OCTAVIO PILOTES POSADA NO DESPRAZAMENTO A ALACANTE CO GALLO DA DISPUTA DA LIGA ASOBAL, MAIO 2011. EXPTE. 8878/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas, do 2.08.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 10.10.12, e co informe do Interventor Xeral do 25.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente no servizo de hospedaxe en réxime de pensión completa prestado ao Academia Octavio Pilotes Posada no seu desprazamento a Alicante de data 13/05/2011, para a disputa dun encontro da liga Asobal, recollida na fra nº 00114/11, emitida por Viaxes Loa Galicia, S.L, co CIF B-36332849.
- 2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Viaxes Loa Galicia, S.L., por un importe de 1.970,80 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.
- 3.- Recoñecer a obriga a favor de Viaxes Loa Galicia, S.L., co CIF B-36332849, por importe de 1.970,80 €, consonte coa factura 00114/11 de data 17/11/2011, por importe de 1.970,80 €, con cargo á partida 9120.226.01.01 "Rec. Ext. Créd. Gtos Protocolo Tenencia Alcaldía", do vixente orzamento, pola realización do servizo de hospedaxe en réxime de pensión completa do Academia Octavio Pilotes Posada no desprazamento a Alacante co gallo da disputa dun encontro da liga Asobal, en maio de 2011.

2(1399).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE ANÓNIMO PUBLICIDAD S.L., POLA ELABORACIÓN DE 250 CARTEIS EN UN ROLLER CO GALLO DA PROMOCIÓN DA REHABILITACIÓN CASCO VELLO, MAIO 2011. EXPTE. 8824/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas, do 17.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 10.10.12, e co informe do Interventor Xeral do 25.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente na elaboración de 250 carteis e 1 roller co gallo da promoción da rehabilitación do Casco Vello, levada a cabo en maio de 2011, recollida na fra nº 2011/0127, emitida por Anónimo Publicidad, S.L, co CIF B-36721900.
- 2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Anónimo Publicidad, S.L., por un importe de 1.900 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.
- 3.- Recoñecer a obriga a favor de Anónimo Publicidad, S.L., co CIF B-36721900, por importe de 1.900,00 €, consonte coa factura 2011/0127 de data 31/05/2011, con cargo á partida 9120.226.02.01 "Rec. Ext. Publicidad Tenencia Alcaldía", do vixente orzamento, pola realización do servizo de elaboración de 250 carteis e un roller co gallo da promoción da rehabilitación do Casco Vello da nosa cidade, en maio de 2011.

3(1400).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE MEDIOS ESCRITOS DEL ATLÁNTICO, S.L.U., POLO SERVIZO DE INSERCIÓN PUBLICITARIA NA REVISTA SONS E DVD PACKS PARA A PROMOCIÓN DO CONCERTO DA CORAL CASABLANCA EN CASTRELOS, AGOSTO 2010. EXPTE. 8882/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas, do 18.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 10.10.12, e co informe do Interventor Xeral do 25.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente en inserción publicitaria na revista Sons e DVD packs co gallo da promoción do concerto da Coral Casablanca en Castrelos en agosto de 2010, recollidas nas fras nº 20110010 e 20110011, emitidas por Medios Escritos del Atlántico, S.L.U., co NIF B36898518.
- 2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extrajudicial de crédito a favor de Medios Escritos del Atlántico, S.L.U., por un importe de 6.180,01 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.
- 3.- Recoñecer a obriga a favor de Medios Escritos del Atlántico, S.L.U, co NIF B36898518, por importe de 6.180,01 €, consonte coa factura 20110010 de data 14/04/2011 (1.180 €) e 20110011 de data 14/04/2011 (5.000,01 €), con cargo á partida 9120.226.02.01 "Rec. Ext. Cred. Medios Escritos del Atlántico, S.L.U.", do vixente orzamento, pola realización do servizo inserción publicitaria na revista Sons e DVD packs co gallo da promoción do concerto da Coral Casablanca en Castrelos en agosto de 2010.

4(1401).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS:

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica :

a) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 153/2012 P.A. Demandante: D. EDUARDO V. BEA PUENTES Obxecto: Selección persoal laboral. OEP 2008. Esta sentenza que non é firme, desestima o recurso. Expte. 7358/111.

b) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 202/2012 P.A. Demandante: D. BRUNO CAMPOS RUIZ Obxecto: Danos en vehículo. Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso. Expte. 7444/111.

c) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no RC-A nº 8/2010 P.O. Demandante: CMVMC. TEIS Obxecto: Acordo do 1/10/2009 do Xurado Prov. da MVMC de Pontevedra sobre clasificación do monte da Guía. SENTENZA: Desestimatoria. En 2ª INSTANCIA: TSXG, Sala do C-A, Secc 2ª,

APELACIÓN 4007/2011. Resolve a apelación da actora contra a sentenza de instancia desestimatoria, con custas de oficio. Expte. 5828/111.

d) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 262/2011 P.O. Demandante: TICCO INGENIERÍA S.L Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de honorarios . Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso. Expte. 6759/111.

e) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 213/2012 P.A. Demandante: D. RODOLFO COMESAÑA E HIJOS S.L Obxecto: Accidente vehículo. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7456/111.

f) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 244/2012 P.A. Demandante: “CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A” Obxecto: Exención do IBI. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7468/111.

g) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 238/2012 P.A. Demandante: D. GERARDO J. ABRAÍN DE CASTRO Obxecto: Accidente en cadeira de rodas. Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso. Expte. 7555/111.

h) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 249/2012 P.A. Demandante: D. JOSÉ A. PINO ROUCO Obxecto: Accidente de moto. Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso. Expte. 7467/111.

i) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 246/2012 P.A. Demandante: D^a M. TERESA J. SILVA DASILVA Obxecto: Caída na vía pública. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7476/111.

l) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 206/2012 P.A. Demandante: D^a GRACIELA RIAL MOURE Obxecto: Accidente de automóbil. Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual. Expte. 7430/111.

m) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 128/2008 P.O. Demandante: EYSSA e FCC S.A (UTE) Obxecto: Desestimación presunta de reposición contra desestimación presunta de reclamación. SENTENZA: Estimatoria parcial. En 2ª INSTANCIA: TSXG, Sala do C-A, Secc 2ª, APELACIÓN 4325/2012. Resolve a nosa apelación contra a sentenza de instancia, estimándoa, con revogación do resolto e declaración de inadmisibilidade do recurso. Expte. 5052/111.

n) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 266/2011 P.O. Demandante: FRUTAS NIEVES S.L Obxecto: Taxa lixo. En 2ª INSTANCIA: CUESTIÓN DE ILEGALIDADE, TSXG Sala do C-A, Secc 4ª. Esta

sentenza, que non é firme, estima a cuestión de ilegalidade, non procedendo recorrer o resolto. Expte. 6761/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(1402).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS ANO 2012. EXPTE. 72786/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da instrutora do expediente, do 11.10.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 25.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 2310.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de 44.856 euros en concepto de subvencións a entidades e asociacións, de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área de servizos sociais no ano 2012, segundo o seguinte desglose:

NOME DA ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACIÓN	IMPORTE CONCEDIDO
ASOC. DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA - AVEMPO	G36816106	APOIO PSICO-SOCIAL PARA AFECTADOS DE E.M. E O SEU ENTORNO	2.700,00	16	1.008,00
ACCION SOLIDARIA DE GALICIA - ASDEGAL	G272727593	APOIO SOCIOEDUCATIVO A MENORES EN RISCO DE EXCLUSIÓN	1.170,00	20	1.260,00
AGRUPACION DEPORTIVA XOGARA	G36655033	CACHIBOL	6.000,00	10	630,00
APAMP - ASOC. FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	G36624120	PROMOCIÓN DE VIDA INDEPENDIENTE	3.000,00	15	945,00
ASOC. AYUDA A LA VIDA - AYUVI	G36802536	CURSO CONFECCION ROUPA INFANTIL	1.189,00	16	1.008,00
ASOC. 3ª IDADE "NEVOX"	G36806222	TAI-CHI PARA MAIORES	1.500,00	10	630,00
ASOC. ARELA	G36846152	ORIENTACIÓN E INSERCIÓN LABORAL PARA MOXIDADE EN RISCO	3.000,00	16	1.008,00
ASOC. DANO CEREBRAL DE VIGO - ALENTO	G36873511	INFORMACION, ATENCIÓN E ASESORAMENTO ESPECIALIZADO EN RISCO	3.000,00	16	1.008,00
ASOC. ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO X.L. DE VIGO	G28197564	ATENCIÓN PSICOSOCIAL DO ENFERMO ONCOLÓXICO E OS SEUS FAMILIARES	25.000,00	17	1.071,00
ASOC. GALEGA CONTRA AS ENFERMIDADES NEUROMUSCULARES - ASEM GALICIA	G36925692	ACTIVIDADES GRUPAIS	1.150,00	12	756,00
ASOC. GALEGA DE XOGADORES ANÓNIMOS	G36730059	ASISTENCIA PSICOLÓXICA A ADICTOS E FAMILIARES	3.000,00	14	882,00
ASOC. GALEGA SAN FRANCISCO	G36613891	PROMOCIO E DESENVOLVEMENTO FÍSICO, SOCIAL E PERSOAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL	2.000,00	16	1.008,00
ASOC. MADRES EN DEFENSA DE LOS JOVENES DROGODEPENDIENTES - MADRO	G36750651	TALLERES DE AXENTES DE SAUDE E GRUPOS DE AUTOAPOIO	1.810,00	14	882,00
ASOC. MULLERES DORNA	G36619468	QUEN COIDA AO COIDADOR/A	1.310,00	13	819,00

ASOC. NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION	G36938272	TALLERES DE VERAN PARA NENOS TDAH	1.861,71	15	945,00
ASOC. PARKINSON VIGO	G36962447	TERAPIA OCUPACIONAL	3.000,00	15	945,00
ASOC. PERSOAS XORDAS DE VIGO	G36622835	PREPARATE A FONDO	2.932,17	18	1.134,00
ASOC. PRO DEREITOS DA INFANCIA ADDIS-GALICIA	G36922045	COACHING PARA FAMILIAS	3.200,00	17	1.071,00
ASOC. SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVINCENCIA	G36744480	REPARTO ALIMENTOS	1.305,00	20	1.260,00
ASOC. VECIÑAL CAMIÑO VELLO DE COIA	G36648186	ACTIVATE	2.880,00	13	819,00
ASOC. VIGUESA DE ALCOHOLOGIA - ASVIDAL	G36627453	CONTRATACIÓN UNIDADE DE APOIO PROGRAMA DE CAPACITACIÓN E INSERCIÓN SOCIOLABORAL	3.000,00	15	945,00
AUTISMO VIGO	G36849883	APOIO SOCIAL A PERSOAS CON AUTISMO EN ACTIVIDADES DE EDUC. VIAL E SOCIALIZACIÓN	3.000,00	16	1.008,00
CARITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO	R3600368I	INTEGRATE, INTEGRALE	3.000,00	20	1.260,00
CENTRO SOCIOCULTURAL R. VALLADARES	G36617082	BANCO DO TEMPO CUNHA PATA NA 3ª IDADE	1.500,00	17	1.071,00
CENTRO SOCIOCULTURAL R. VALLADARES	G36617083	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA	2.000,00	15	945,00
CLUB DE OCIO Y TIEMPO LIBRE - NOVAS RUTAS	G36854867	PROYECTO -SOCIO EDUCATIVO "ALEDAR"	7.283,00	14	882,00
COGAMI - FEDERACION DE DISCAPACITADOS FISICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	G36704195	PROGRAMA DE PSICOMOTRICIDADE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE FISICA APLICADA DENDE A FISIOTERAPIA	3.000,00	16	1.008,00
EDUARDO CHAO FEDERACION VECIÑAL DE VIGO	G36681708	XORNADAS DE FORMACIÓN: SENSIBILIZACIÓN, DETECCIÓN, PREVENCIÓN E ABORDAXE DA VIOLENCIA INTRAFAMILIAR	3.000,00	12	756,00
FADEMGA FEAPS GALICIA	G36620037	SERVIZOS DE EMPREGO E FORMACIÓN DO CENTRO COLABORADOR DO SPEG DE FADEMGA FEAPS GALICIA	2.000,00	16	1.008,00
FEAFES GALICIA	G15545353	OCIO Y RESPIRO FAMILIAR PARA PERSONAS CON ENFERMEDAD MENTAL	3.000,00	12	756,00
FEDERACION IN PROGRESS	G27770700	ECONOMÍA FAMILIAR	3.690,00	15	945,00
FUNDACION CUME	G36797579	ACTIVIDADES SOCIODEPORTIVAS Y DE PROMOCIÓN SOCIAL PARA INMIGRANTES	3.000,00	15	945,00
FUNDACION ERGUETE-INTEGRACION	G36861078	PROGRAMA REQUALIFICACIÓN PROFESIONAL A TRAVÉS DA PRÁCTICA LABORAL	3.000,00	16	1.008,00
FUNDACION INGUAL ARTE	G36427524	CLASES DE EXPRESIÓN MUSICAL	3.000,00	13	819,00
FUNDACION INGUAL ARTE	G36427525	CLASES DE EXPRESIÓN CORPORAL	3.000,00	13	819,00
FUNDACION INTEGRA PARA A DISCAPACIDADE INTELLECTUAL	G36880615	PROXECTO DE AUTONOMÍA DOMÉSTICA PARA PERSOAS CON DISPACIDADE 2012	3.000,00	18	1.134,00
FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	G24452435	NA RÚA VIGO	3.000,00	22	1.386,00
FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	G24452436	CENTRO DE ATENCIÓN A INMIGRANTES TERANGA VIGO	3.000,00	18	1.134,00
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	CONVIVIMOS	3.000,00	19	1.197,00
HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	R3600336F	PROGRMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICIÓN DE HÁBITOS PSÍQUICOS-FÍSICO SAUDABLES	3.000,00	19	1.197,00
LA SAL DE LA TIERRA	G03542362	CALOR DE LAR	3.000,00	22	1.386,00
RADIO ECCA FUNDACION CANARIA	G35103431	COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2	3.000,00	16	1.008,00
REMAR GALICIA	G36786986	PROXECTO JOSE: REPARTO DE ALIMENTOS	3.000,00	20	1.260,00

SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL	G36763860	ATENCIÓN ÁS NECESIDADES MATERIAIS E ESPECÍFICAS DE POBOACIÓN	3.000,00	17	1.071,00
SPECIAL OLYMPICS GALICIA	G15771777	XOGOS AUTONOMICOS DE NATACIÓN, VIGO 2012	3.000,00	13	819,00
TOTAL					44856

2º.- Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do programa, aprobadas en Xunta de Goberno Local de 25 de maio de 2012:

NOME DA ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASOC. XUBILADOS E PENSIONISTAS ALFONSO DANIEL CASTELAO	G36755254	VIAXE CULTURAL A SALAMANCA	BASE 2ª -AMBITO ACTIVIDADES
ASOC. XUBILADOS E PENSIONISTAS VILLA GALICIA	G36745065	AS CONVIVENCIAS DE VILLA GALICIA	BASE 2ª - AMBITO ACTIVIDADES
ASOC. 3ª EDAD "ROSALIA DE CASTRO"	G36750479	VIAXES, VISITAS CULTURAI, CURSOS, FESTAS...	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN EN PRAZO
ASOC. 3ª IDADE "NEVOX"	G36806223	SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA	BASE 2ª-8
ASOC. AREAS	G36768729	XORNADA SOLIDARIA	BASE 2ª - 2, 3
ASOC. BENEFICA BEIRAMAR DE VIGO	G36634608	CLUB DE VERAN	BASE 2ª - 2,4
ASOC. BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	CAMPAÑA DE HABITOS SAUDABLES EN CENTROS DE ENSINO	BASE 2ª-4, 11
ASOC. COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO	G36972024	OBRADOIRO E MEMORIA ACTIVA	BASE 2ª - 3
ASOC. DONANTES Y RECEPTORES DE ORGANOS DE VIGO - ADROVI	G27712272	DONACIÓN DE ORGANOS Y TEJIDOS: SENSIBILIZACIÓN	BSE 2ª-2,11
ASOC. FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	G36776920	FOMENTO DE ACTIVIDADES SAUDABLES PARA COIDADORES E ENFERMOS	BASE 2ª -3
ASOC. FIBROMIALGIA DE PONTEVEDRA - AFI-BROPO	G36846822	MUSICOTERAPIA Y GIMNASIA	BASE 2ª - 3,4
ASOC. GALEGA CONTRA AS ENFERMIDADES NEUROMUSCULARES - ASEM GALICIA	G36925691	ASEM INFORMA	BASE 2ª -5
ASOC. GALEGA DE APOIO O INMIGRANTE E EMIGRANTE RETORNADO	G36987147	NEGOCIACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	BASE 2ª - 4
ASOC. GALEGA DE HEMOFILIA - AGADHEMO	G15220577	SERVIZO DE ASESORAMENTO E INFORMACIÓN PERMANENTE	BASE 2ª -11
ASOC. GALEGA DE MAIORES - ASGAMA	G36777670	VIAXE POLAS RIAS ALTAS, BETANZOS, ORTIGUEIRA	BASE 2ª - AMBITO ACTIVIDADES
ASOC. GALEGA DE PERCUTAS OMAR	G36482347		BASE 2ª - 2,3
ASOC. IRMANDADE DE NOSA SRA. DAS NEVES DE MATAMA	G36954162	FESTA DO CARBALLO	BASE 2ª - 2, 4
ASOC. IRMANDADE DE NOSA SRA. DAS NEVES DE MATAMA	G36954163	FESTA NOSA SEÑORA DAS NEVES	BASE 2ª - 2, 4
ASOC. MUJERES VIUDAS DEMOCRATAS EUROPEAS DE VIGO	G36964757	VISITA A ILLA DE SAN SIMÓN	BASE 2ª - AMBITO ACTIVIDADES
ASOC. VECIÑOS DO CALVARIO	G36648293	ESCUELA DE FAMILIA	FORA DE PRAZO
AVCD LAVADORES	G36633618	PARTICIP. ACTIVA DA CIDADANIA PARA PREVENIR O SEDENTARISMO	BASE 2ª - 3
AVCU - CSCR DE BEADE	G36632081	OS PITIFOS DE BEADE	BASE 2ª - 2, 4
AVCU - CSCR DE BEADE	G36632081	CONTAMOS CONTIGO EN BEADE	BASE 2ª - AMBITO ACTIVIDADES, 3
AVV DE SAN PEDRO DE SARDOMA "O CARBALLO"	G36649325	MEMORIA E AXILIDADE MENTAL	BASE 2ª - 3
CASA DE ANDALUCIA EN VIGO	G36621290	DE CARÁCTER PREVENITIVO, SOCIOEDUCATIVO Y PROMOCIÓN DE LA AUTOESTIMA	BASE 2ª .3, 4
DOWN VIGO: ASOC. PARA A SINDROME DE DOWN	G36697324	HABILIDADES BASICAS PARA A VIDA INDEPENDENTE	BASE 2ª - 3
FORGA	G36818367	ACCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	BASE 2ª - 2, 8
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS DAS PERSOAS CARENTES DE RECURSOS ECONÓMICOS DO CONCELLO DE VIGO	BASE 2ª - 3
FUNDACION MENELA	G36685964	SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ E APOIO INTEGRAL A PERSOAS CON TEA	BASE 2ª - 3

HERMANOS MISIONEROS DE LOS EFERMOS POBRES	R3600319B	NINGUEN QUEDA FORA	BASE 2ª - 8,3
MEDICOS DO MUNDO	G79408852	SERVIZO CALOR E CAFÉ PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL	BASE 2ª - 2,3
NIGERIA, UNION ASOCIATION OF VIGO	G36948057	XORNADAS EDUCATIVA/DIVULGATIVA SOBRE A NOVA REGULACIÓN DE ESTRANXERÍA	NO PRESENTAN PROXECTO
RESIDENCIA STA. MARTA	R36000995	A SAÚDE A TRAVÉS DA ALEGRIA	BASE 2ª - 3
SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA Y RE-CREATIVA HELIOS	G36633428	TÉCNICAS DE RELAXACIÓN	BASE 2ª -3,4
ASOC. XUBILADOS E PENSIONISTAS AVOA	G36972800	MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DOS XUBILADOS	BASE 2ª -4

6(1403).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1982/15, 146/11 E 1862/13.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 19 e 23.10.2012, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a seguinte persoa:

- D^a. Visitación Rodríguez Pérez. Expte.1982/15.
- D^a Josefa Vázquez Rodríguez. Expte. 146/11
- D^a Luisa Conde Cameselle. Expte. 1862/13

7(1404).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e os informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a CONCEPCIÓN CUÑA PÉREZ a fianza de 2830,00 € constituída para responder do servizo de xestión punto xove concellería de xuventude, xa que os servizos foron recibidos e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrela prazo de garantía. Expte. 3473/336.

B) Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. a fianza de 6.638,40€ constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na r/ Portolouteiro-Castrelos, xa que os servizos foron recibidos mediante acta do 31-07-2012, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrela prazo de garantía. Expte. 915/443.

C) Devolver a FORMATO VERDE S.L. a fianza de 2.298,66 e 193,34€ constituídas para responder dos servizos de mantemento de colectores soterrados, xa que os servizos foron recibidos mediante acta do 15-03-2011, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrela prazo de garantía. Expte. 4197/241.

D) Devolver a AULA INFORMÁTICA GALICIA S.L. a fianza de 2.995€ constituída para responder dos servizos de implantación da aplicación de xestión integral de servizos sociais, xa que os servizos foron recibidos mediante e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrela prazo de garantía. Expte. 6105/113.

E) Devolver a IMESAPI S.A. a fianza de 14.050,14€ constituída para responder do servizo de mantemento de túneles e pasos subterráneos, xa que os servizos foron recibidos mediante acta de 31.05.2011, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrela prazo de garantía. Expte. 4202/241

F) Devolver a MIGUEL PASCUAL S. COOP a fianza de 1.910,50€ constituída para responder do subministro de condutores eléctricos, xa que os subministros foron recibidos e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrela prazo de garantía. Expte. 4243/241

G) Devolver a EKIPO SCDAD COOP a fianza de 2.578,40€ constituída para responder da subministro mobiliario auditorio Valadares, xa que os subministros foron recibidos e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrela prazo de garantía. Expte. 4246/241

8(1405).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE DE PONTEVEDRA (AVEMPO). AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9095/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Xeral, do 27.09.12, e co informe da técnica do servizo de Fiscalización do 24.10.2012, conformado polo Interventor Xeral a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a **Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO)**, con CIF: **G36816016**.
2. Autorizar o gasto de **20.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, dona Marina Román Doniz, como Presidenta da Asociación Viguesa de Esclerose Múltiple de Pontevedra (AVEMPO), con CIF: G36816016, e enderezo social en Rúa Camilo Veiga, 44 Baixo - 36208 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade máis inclusiva, máis xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación Viguesa de Esclerose Múltiple de Pontevedra (AVEMPO), conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa axuda a persoas con esclerose múltiple e as súas familias, desde unha óptica integral e multidisciplinar no proceso de rehabilitación, mediante a realización das actividades de:
 - a) Realizar unha atención integral de rehabilitación.
 - b) Axudar tanto ó afectado/a como á súa familia a adaptarse á nova situación causada por esta enfermidade.
 - c) Dende o ámbito da fisioterapia, a nosa finalidade é manter na medida do posible, e si é posible mellorar, as capacidades físicas do individuo.
 - d) Dende o ámbito da Terapia Ocupacional intervir na consecución da máxima independencia nas actividades da vida diaria, dando consello e realizando adaptacións funcionais de acordo a cada persoa.
 - e) Dende o ámbito da Logopedia normalizar aquelas funcións que se encontran alteradas tales como: O tono muscular, mobilidade de órganos fonoarticulares: lingua, beizos, larinxe, cordas vocais..., terapias de relaxación para unha mellor oxixenación do corpo.
 - f) Dende o ámbito da Psicoloxía: pretendese dar pautas e ensinar tanto aos afectados de Esclerose Múltiple coma os seus familiares, a controlar e manexar os síntomas da enfermidade, como calquera tema que afecta a familia e aos seus membros.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas e do entorno das persoas con esclerosis múltiple e as súas familias, pola Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO), impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa axuda a infancia e a dinamización e mantemento e coidado de instalacións, mediante a realización das actividades de dinamización da entidade e fomento do asociacionismo dos veciños e veciñas, mellorar o acceso ao mercado de traballo de desempregadas/os de longa duración, ptenciar a bolsa de traballo facilitando a empregabilidade dos seus usuarios/as, mellorar as instalacións e prestar un servizo de transporte aos nenos e nenas da escola infantil.

V.- Que a Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO), o Concello de Vigo e a dita Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO) convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO), comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

1. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa axuda a persoas con esclerose múltiple e as súas familias, desde unha óptica integral e multidisciplinar no proceso de rehabilitación, mediante a realización das actividades de:
 - a) Realizar unha atención integral de rehabilitación.
 - b) Axudar tanto ó afectado/a como á súa familia a adaptarse á nova situación causada por esta enfermidade.
 - c) Dende o ámbito da fisioterapia, a nosa finalidade é manter na medida do posible, e si é posible mellorar, as capacidades físicas do individuo.
 - d) Dende o ámbito da Terapia Ocupacional intervir na consecución da máxima independencia nas actividades da vida diaria, dando consello e realizando adaptacións funcionais de acordo a cada persoa.
 - e) Dende o ámbito da Logopedia normalizar aquelas funcións que se encontran alteradas tales como: O tono muscular, mobilidade de órganos fonoarticulares: lingua, beizos, larinxe, cordas vocais..., terapias de relaxación para unha mellor oxixenación do corpo.
 - f) Dende o ámbito da Psicoloxía: pretendese dar pautas e ensinar tanto aos afectados de Esclerose Múltiple coma os seus familiares, a controlar e manexar os síntomas da enfermidade, como calquera tema que afecta a familia e aos seus membros.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
4. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
5. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
6. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

7. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral, o seu acceso será aberto e gratuíto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO)
3. Conceder directamente á Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO) unha subvención total por importe de 20.000,00 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadruar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

4. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

5. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

6. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
2. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO).

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- ▣ Copia autenticada do contrato.
- ▣ Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- ▣ Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

9(1406).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI). AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9109/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 16.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Xeral, do 27.09.12, e co informe da técnica do servizo de Fiscalización do 25.10.2012, conformado polo Interventor Xeral a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)**, con CIF:G 32115941
- Autorizar o gasto de 25.169,44 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Anxo Queiruga Vila, como Presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), con CIF: :G 32115941, e enderezo social en Rúa Modesto Brocos, 7 – 3º Bloq. Baixo 15704 Santiago de Compostela, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, federacións, asociacións, fundacións etc...de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de paro de cara a búsqueda de emprego.

MANIFESTAN

I.- Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.
- A promoción dos seus dereitos.
- A reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo.
- A prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas e do entorno das persoas con discapacidade, pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas discapacitadas relacionada coa Información, orientación e asesoramento laboral a persoas discapacitadas, mediante a realización das actividades de:

- a) Información, asesoramento e formación, para capacitar para o emprego a persoas con discapacidade/incapacidade laboral permanente que estean en situación de desemprego.
- b) Aumenta-lo nivel de autonomía na busca de emprego, mediante a mellora da motivación da persoa usuaria e a elaboración de estratexias máis realistas na busca de emprego.

Mellorar a formación das persoas con discapacidade, cara a incrementar as posibilidades de atopar un emprego,

V.- Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), o Concello de Vigo e a dita Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

1. Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas discapacitadas relacionada coa Información, orientación e asesoramento laboral a persoas discapacitadas, mediante a realización das actividades de:
 - a) Información, asesoramento e formación, para capacitar para o emprego a persoas con discapacidade/incapacidade laboral permanente que estean en situación de desemprego.
 - b) Aumenta-lo nivel de autonomía na busca de emprego, mediante a mellora da motivación da persoa usuaria e a elaboración de estratexias máis realistas na busca de emprego.
 - c) Mellorar a formación das persoas con discapacidade, cara a incrementar as posibilidades de atopar un emprego.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
4. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
5. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
6. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
7. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xera, e o seu acceso será aberto e gratuíto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- 2.- Respetar a estrutura organizativa da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)
- 3.- Conceder directamente á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) unha subvención total por importe de 25.169,44 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- 1.- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- 2.- Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa

que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- ▣ Copia autenticada do contrato.
- ▣ Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- ▣ Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

10(1407).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AA.VV. DE SAN PEDRO DE MATAMÁ “A UNIÓN”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9111/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Xeral, do 8.10.12, e co informe da técnica do servizo de Fiscalización do 25.10.2012, conformado polo Interventor Xeral a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión", con CIF: G36654036.
- Autorizar o gasto de 10.877,98 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Manuel Costas Benavides, como A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión", con CIF: G36654036, e enderezo social en Lugar Castro, 19 Fonte do Luns-Matamá 36213 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- - Que a A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión", conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- *Desenvolver actividades de todo tipo; educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as.*
- *Achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.*

- *Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas.*
- *Fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.).*
- *Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas da súa parroquia, pola A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión", impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de

experiencia laboral relacionada coa axuda a infancia e a dinamización e mantemento e coidado de instalacións, mediante a realización das actividades de dinamización da entidade e fomento do asociacionismo dos veciños e veciñas, mellorar o acceso ao mercado de traballo de desempregadas/os de longa duración, ptenciar a bolsa de traballo facilitando a empregabilidade dos seus usuarios/as, mellorar as instalacións e prestar un servizo de transporte aos nenos e nenas da escola infantil.

V.- Que a A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión", o Concello de Vigo e a dita asociación acordan a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión", comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

- 1.- Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa elaboración de enquisas e a dinamización e a xestión administrativa de entidades, mediante a realización das actividades de:
 - a)Dinamización sociocultural na parroquia.
 - b)Estudio de necesidades socio-comunitarias na parroquia.
 - c)Dinamización da economía e do comercio da parroquia.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
4. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
5. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
6. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
7. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- 2.- Respetar a estrutura organizativa da A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión"
- 3.- Conceder directamente á A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión" unha subvención total por importe de 10.877,98 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, así coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade veciñal.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- 1.- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- 2.- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

3.- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1.- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

2.- Tres vocais:

c) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

d) Dous a membros da Xunta directiva da entidade A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión".

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa

que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola A.VV. de San Pedro de Matamá "A Unión" no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

11(1408).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL "SAN XURXO DE SAIANS". AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9115/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 20.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Xeral, do 28.09.12, e co informe da técnica do servizo de Fiscalización do 25.10.2012, conformado polo Interventor Xeral a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians", con CIF: G36648988.
- Autorizar o gasto de 15.287,76 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Uxio González Pérez DNI: 36039501-L, como vicepresidente da Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians, CIF nº G36648988, e enderezo social en Rúa Eira Vella Nº4, 36392 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ▣ *Desenvolver actividades de todo tipo; educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as.*
- ▣ *Achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.*

- *Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas.*
- *Fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.).*
- *Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación veciñais a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas na súa parroquia e das necesidades de dinamización socio-comunitaria pola Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular

os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer información, formación, asesoramento e orientación laboral sobre o autoemprego, a creación de novas empresas e a busca de emprego.

V.- Que a Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians, o Concello de Vigo e a dita Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización sociocultural, así como nas labores de administración, conserxería e coidado de instalacións na parroquia de Saians e, concretamente, a:

- 1.- Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:
 1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de mulleres, parados/as de longa duración e maiores de 45 anos.
 2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa dinamización sociocultural, así como nas labores de administración, conserxería e coidado de instalacións, mediante a realización das actividades de:
 1. Dinamización sociocultural na parroquia.
 2. Mellora da accesibilidade nos accesos as instalacións da entidade.
 3. Concienciación do medio natural.
 4. Fomento no coñecemento e uso das novas tecnoloxías.
 5. Promoción da igualdade.
 6. Dinamización da economía e do comercio da parroquia.
 7. Apertura, peche e control de acceso as instalacións.
 8. Mantemento e reparación das infraestruturas.
 3. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
 4. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 5. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
 6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
 7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

8. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral e o seu acceso será aberto e gratuíto.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- 2.- Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians.
3. Conceder directamente á Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians unha subvención total por importe de 15.287,76 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.
- Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

- Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:
- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas

fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- ▣ Copia autenticada do contrato.
- ▣ Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- ▣ Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e

o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación Veciñal "San Xurxo" de Saians no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

12(1409).- PRÓRROGA DO VIXENTE "SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA MUNICIPAL" SUBSCRITO CON CEP SA COMERCIAL NOROESTE S.L., DO 1.12.2012 AO 30.11.2013. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9360/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xerente do Parque Central e do asesor xurídico da área de Fomento, do 11.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a prorroga do vixente “subministro de combustibles para a flota municipal” (expediente 7285-445), suscrito con CEPESA COMERCIAL NOROESTE, S.L. B-24325557 con data de sinatura 1 de decembro de 2010, polo período comprendido entre o 1 de decembro de 2012 ao 30 de novembro de 2013, nas condicións previstas no devandito contrato, e por un prezo máximo de 413.925 €, do que 71.838,22 € corresponden ao 21 % de IVE, co seguinte desglose de anualidades:

2012 (Decembro 2012):	81.000 €.
2013 (1 de xaneiro ao 30 de novembro):	332.925 €.

SEGUNDO: Aprobar o gasto para o período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro de 2012, por importe de 81.000 € con cargo a aplicación orzamentaria 9222.221.03.00 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO: Comprometer, para á súa inclusión no próximo orzamento de 2013 a cantidade de 332.925 €.

O anterior compromiso de gasto e o propio contrato quedan condicionados a que o seu importe se inclúa nos orzamentos do exercicio 2013. Será condición suspensiva o, no seu caso, resolutoria do contrato a non inclusión do crédito comprometido para o gasto no orzamento do próximo exercicio.

13(1410).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR. DESIGNACIÓN DE CONCELLEIRO PARA A SINATURA DO CONVENIO. EXPTE. 65857/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 29.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio coa Consellería de Medio Rural e do Mar para a execución das obras de reforzo do firme na estrada da Vía na parroquia de Cabral, incluídas polo dito Organismo no Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural.

Así mesmo, aprobar tecnicamente a memoria presupostada para dita obra, remitida no seu día pola Consellería a este Concello.

2º.-Designar ao Concelleiro da Área de Fomento como representante do Concello na sinatura do referido Convenio e acreditarlo, polo tanto, como a persoa facultada para intervir no mentado acto.

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E
DO MAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE
INFRAESTRUTURA RURAL**

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Tomás Fernández-Couto Juanas, actuando en nome e representación da **Consellería do Medio Rural e do Mar** da Xunta de Galicia, na súa calidade de secretario xeral de Medio Rural e Montes, (Decreto 30/2012, do 4 de xaneiro), e ao abeiro das facultades que lle atribúe o artigo 2.1-Cuarto da Orde do 30 de marzo de 2012 de delegación de competencias no secretario xeral técnico, secretarios xerais e xefes territoriais da Consellería do Medio Rural e do Mar e no presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia; Doutra parte, o Sr. D. Abel Ramón Caballero Álvarez actuando en nome e representación do **Concello de Vigo** na súa calidade de Alcalde-Presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural e do Mar, en virtude do Decreto 46/2012, de 19 de xaneiro, é o órgano da Administración galega encargado de propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

SEGUNDO.- O **Concello de Vigo** presenta unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu ámbito territorial, producíndose carencias importantes que frean o seu desenvolvemento rural.

TERCEIRO.- A Consellería do Medio Rural e do Mar, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, vén de elaborar as directrices para un plano de investimentos a realizar nos distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (en diante PEIM Rural) que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos, entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Incluíranse dentro deste Programa, actuacións relativas a realización de inversións en servizos básicos para a poboación rural, de titularidade municipal.

CUARTO.- Ambas as dúas partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego.

O **Concello de Vigo** considera necesaria a execución da seguinte obra de infraestruturas rurais **“Reforzo do firme de Vía na Parroquia de Cabral”**, con destino ao uso público, sen que poida acometer a súa execución por razóns orzamentarias. A Consellería do Medio Rural e do Mar, en uso das súas competencias, coincide co Concello no uso público da obra.

Xa que logo, ambas as dúas partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas, recoñecéndose capacidade para formularen o presente ACORDO DE COOPERACIÓN, conveñen na súa formulación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-

É obxecto do presente Acordo a execución por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar da obra sinalada no anterior apartado cuarto, titularidade do **Concello de Vigo**, e destinada ao uso público, conforme ao proxecto establecido.

Segunda.-

A Consellería do Medio Rural e do Mar asume a realización, con cargo aos seus orzamentos, con fondos transferidos polo Ministerio por Acordo do Consello de Ministros de data 17 de outubro de 2011, das obras sinaladas, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, tramitación e dirección.

O importe máximo que se destinará ás obras obxecto do presente convenio é de **49.951,46 €**.

A diferenza entre o importe anterior e o que resulte do proceso de adxudicación quedará a disposición da Consellería do Medio Rural e do Mar, sen prexuízo das modificacións que foran necesarias que en ningún caso poderá superar o importe máximo sinalado no parágrafo anterior. O financiamento destas obras será con cargo á aplicación orzamentaria 16.21.551A.6041, coa seguinte distribución de anualidades:

2012:	49.951,46 €
--------------	--------------------

Terceira.-

Dado que as obras obxecto de contrato son financiáveis con FONDOS FEADER, cumprírase coa normativa existente ao respecto que regula a elixibilidade, execución e publicidade de ditos fondos.

A Comunidade Autónoma realizará, de ser o caso, as xestións necesarias para a obtención dos retornos comunitarios que correspondan, tanto para aquelas obras propias e financiadas pola Comunidade Autónoma como para as de financiamento do Ministerio de, Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente cuxos fondos serán ingresados no Tesouro Público da Administración Xeral do Estado, na parte correspondente ao investimento efectuado polo Ministerio de, Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Cuarta.-

O **Concello de Vigo** en relación coa obra obxecto deste Acordo, asume as seguintes obrigas, segundo acordo da Xunta de Goberno Local con data 20 de abril de 2012 :

* Pór a disposición da Consellería, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións para levalas a cabo.

* Renunciar expresamente a reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.

* Asumir, unha vez recepcionadas as obras pola Consellería, e logo da comunicación por parte desta ao Concello, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

* Manifestar expresamente que, de acordo co establecido no artigo 72.1 do Regulamento (C.E.) 1698/2005, do 20 de setembro, a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións de execución ou cambio de réxime da propiedade da infraestrutura.

Quinta.-

O Concello, antes da adxudicación da obra, deberá acreditar, nos termos sinalados, a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

Sexta.-

Unha vez recepcionadas as obras pola Consellería, esta deberá poñelo en coñecemento do Concello, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do Concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.

Setima.-

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada polo Director xeral de Desenvolvemento Rural como representante da Consellería do Medio Rural e do Mar e o Alcalde como representante do Concello, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Oitava.-

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, e no seu defecto polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e demais normas de Dereito administrativo e en defecto deste último polas normas de Dereito privado. A Sala do Contencioso -

Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo, de acordo co artigo 10,1-g da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

Novena.-

O convenio esta suxeito, en canto a súa publicidade, a Lei 4/2006, de 30 de xuño, Lei de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, e ao Decreto 126/2006 do 20 xullo polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima.-

As modificacións formalizaranse mediante “addenda” cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio.

Decimoprimeira.-

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados até o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas do Convenio e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- O mutuo acordo das partes.

Decimosegunda.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente até o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega, segundo o establecido na cláusula sexta.

O anterior entenderase sen prexuízo de que o gasto que comporta para a Consellería se circunscriba aos exercicios orzamentarios reflectidos na cláusula segunda.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan por triplicado exemplar o presente Convenio, no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

14(1411).- ORDENAR Á CONCESIONARIA APARCAMIENTOS IC GOMÉZ ULLA S.L. QUE PROCEDA URGENTEMENTE Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DAS OBRAS DA RÚA CORUÑA E INMEDIACIÓNS. EXPTE. 1341/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da área de Fomento, do 22.10.2012, conformado polo xefe da área de Fomento e polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMERO.- Ordenar a la concesionaria “APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA, S.L.” que proceda URGENTEMENTE a la adopción de las medidas de seguridad y mantenimiento de la edificación que figuran en el informe técnico de fecha 26 de marzo de 2012 y para las que no sea necesario proyecto técnico (vallado de los accesos a la plaza).

Asimismo, para la ejecución de las obras de mantenimiento y conservación contenidas en el informe técnico que necesiten de proyecto técnico previo deberá presentarlo en este Concello en el plazo de UN MES, suscrito por facultativo competente.

SEGUNDO.- Se advierte al concesionario que en el caso de no ejecutar urgentemente las medidas de seguridad y de mantenimiento de la edificación que no precisan de proyecto técnico, así como de no presentar el proyecto técnico previo a la ejecución de las obras de mantenimiento que lo precisen en el plazo que se le concede al efecto, serán realizadas por el Concello a su costa, de conformidad con lo previsto en el artículo 93 y siguientes de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

TERCERO.- Además se le informa de que el incumplimiento del presente requerimiento podrá dar lugar a la imposición de las penalidades previstas en la normativa de contratación y en el propio contrato; y de que cualquier daño que se produzca será su responsabilidad de conformidad con la normativa de contratación aplicable (artículo 72 LCE), el Decreto de 17 de junio de 1955 por el que se aprueba

el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, la Ley de Expropiación Forzosa de 16 de diciembre de 1954 y los pliegos que lo rigen.

15(1412).- AUTORIZAR AO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER A ORGANIZAR O EVENTO ENLAZAVIGO 2012, CO GALLO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 5652/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 30.10.2012, conformado pola concelleira delegada da área, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar ao Consello Municipal da Muller a organizar o evento ENLAZAVIGO 2012, durante a semana do 19 ao 25 de novembro, co gallo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero”

16(1413).- XUSTIFICACIÓN DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, co informe da xefa do servizo de Fiscalización, de data 23.10.2012, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFICAC.	REINT.	S/FAVOR
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	12025737	1.000,00	1.125,83	----	125,83
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	12036662	6.000,00	5.981,44	18,56	----
CABRERA RIANDE JORGE	12037658	1.000,00	999,40	0,60	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12014515	191,81	191,81	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12025745	500,00	167,48	332,52	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12027719	295,00	295,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12032624	3.000,00	1.420,00	1.580,00	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	12037581	142.872,01	128.347,56	14.524,45	----
MEDIERO RODRIGUEZ BELÉN	12014952	1.500,00	1.455,00	45,00	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	12038510	1.000,00	999,60	0,40	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	12004167	6.000,00	3.504,65	2.495,35	----
VIVIERO MIJARES ANTONIO	12030884	600,00	44,90	555,10	----
TOTAL		** Expresion is faulty **	** Expresion is faulty **	** Expresion is faulty **	** Expresion is faulty **

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

- a) Non se renderon no prazo establecido.
- b) A conta está debidamente asinada e comprende debidamente relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.
- c) Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.
- d) Que os gastos concretos e determinados son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos e que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ao acredor da factura ou xustificante.

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ao mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

17(1414).- UTILIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS COMO HORTAS DESTINADAS Á FORMACIÓN MEDIO AMBIENTAL E OCUPACIÓN DO TEMPO DE LECER. EXPTE. 8803/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefa de Medio Ambiente e da xefa de Xuventude, do 29.10.2012, conformado pola concelleira delegada da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar, de conformidade cos informes técnicos e memorias xustificativas que figuran no expediente 8803/306, a utilización dos espazos públicos que a continuación se relacionan como hortas destinadas á formación Medio Ambiental e ocupación do tempo de lecer:

- Parcela municipal na rúa Fontáns duns 2.236 m2, segundo inventario municipal
- Espazo libre municipal entre os números 18 e 20 da Avda. Camelias, nunha superficie de 100 m2.
- Espazo libre municipal lindante coa rúa 2 F "Poza Cabalo" en Navia, dunha superficie de 676 m2.

O orzamento total da subministración de material para a execución dos traballos previstos nas tres hortas ascende a 21.589,81 euros, para o que se tramitará o correspondente contrato administrativo de subministros con cargo á partida orzamentaria 3370.210.0002 .

18(1415).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DE GALLEGA DE AUTOMOCIÓN, S.A., POR NON HABER DANOS NO APROVEITAMENTO DE VÍA PÚBLICA CUNHA ENTRADA DE CARRUAXES EN CELSO EMILIO FERREIRO Nº 1. EXPTE. 83758/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 19.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 6 de marzo de 1991 por GALLEGA DE AUTOMOCIÓN, S.A, con CIF A-36624245, por un importe de 90,15 €, para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na beirarrúa con motivo do aproveitamento da vía pública cunha entrada de carruaxes sita en Celso Emilio Ferreiro, nº 1, por non producirse danos.

19(1416).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO". AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5767/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de Atención e Participación Cidadá, do 28.09.2012, conformado polo xefe de Participación Cidadá e polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 9.10.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 23.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.48900006, denominada "*Convenio Asociación Agarimo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2012.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" (CIF.- G-36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2012, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 13.000 € (trece mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1

da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2012

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana Gil Lodeiro, con DNI 35984887F, en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo ” (CIF: 36821817), con domicilio social na Rúa Urzáiz, 135, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 5767/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do

termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Qua a entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*”, de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcadía de data 16/05/97, a “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”* leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias e sociosanitarias planificadas para o ano 2012, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2012), a partida orzamentaria nº 9240.48900006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- As actividades programadas pola *Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”* para o 2012, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Xestión diaria de dúbidas sobre consumo de asociados e público en xeral.
- Asistencia periódica de tres árbitros de consumo, pertencentes á Asociación na sesión de arbitraje de consumo na Xunta de Galicia.
- Charlas/coloquios informativas sobre diferentes temas: saúde, consumo, etc.
- Actuacións da coral da asociación durante todo o ano, e certame de “Habaneiras”.
- Representacións diversas do grupo de teatro da asociación.
- Obradoiros no local social, co gallo do Día Internacional da Muller.
- Visita a Central Leiteira Ecolóxica de Melide.
- Exposición de traballos realizados polos asociados.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as

subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuir aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados para o ano 2012, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO	
Aluguer local, IBI	15.000,00 €
Subministros auga e luz	1.000,00 €
Limpeza local	1.950,00 €
Recollida do lixo	160,00 €
Gastos teléfono, internet e fax	2.300,00 €
Póliza seguro, suscripción prensa e páxinas amarelas	980,00 €
Gastos material informática e outros	1.250,00 €
Gastos mantemento e reparación do local	1.700,00 €
TOTAL	23.340,00 €

VIII.- Que a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *"Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo"* comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final xunto as correspondentes memorias económicas, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” unha subvención por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, do vixente orzamento municipal (2012), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o ano 2012, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*”.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarare, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2012.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, no prazo máximo de un UN MES desde a finalización do convenio, que xustifique o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación

c) Unha memoria económica, xustificativa do custe das actividades subvencionadas, segundo orzamento que serviu de base para a concesión da subvención, encabezada por unha relación numerada e correlativa dos gastos efectuados, con identificación do acredor (nome e CIF), obxecto do gasto, nº e data do documento xustificativo, importe e, no seu caso, data de pago, IVE/IRPF e importe total. Deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se faerá constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, e o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.
- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura, de ser o caso, serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (RD 1496/03), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente (para o caso das contas xustificativas parciais), Modelo 190, de retencións e ingresos a conta do IRPF, que inclúe resumen anual e relación de perceptores (que acompañará a conta xustificativa final), coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de

traballadores) e recibos de liquidación de á Seguridade Social acompañados dos correspondentes comprobantes de pago.

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- cando se xustifiquen gastos de persoal, fotocopia do contrato de traballo
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE.
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifican gastos de aluguer, fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen viventes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducirlo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0552 01 3040004976 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo primeiro- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen ao longo do ano 2012.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar a programación de actividades con indicación como mínimo da denominación da actividade, datas e horario, e emprazamento da actividade, así como, toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é

a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- A vixencia deste convenio é do 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012, sen perxuízo do disposto para o prazo de xustificación.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2012.

20(1417).- RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA XGL DE 1.10.2012, REFERENTE AO ABONO DE CUOTAS DE COMUNIDADE NA RÚA ROMIL, 22. EXPTE. 19496/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 29.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios do edificio situado na rúa **Romil 22**, no cal este Concello é propietario dun baixo , situado en dito inmovible, que representa unha cuota de participación do 14%, a cantidade de 7.433,00 euros, correspondentes os gastos comunitarios pola derrama correspondente as obras de rehabilitación do tellado e cambio de cuberta no inmovible.

21(1418).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A EMPRESA LIMPIEZAS DEL NOROESTE S.A. POLOS SERVICIOS PRESTADOS DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO, NO MES DE AGOSTO 2012. EXPTE. 17/242.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 14.09.2012, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, e co informe do Interventor Xeral do 16.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas del Noroeste S.A., a cantidade de 178.186,51 euros, corresponde ó adeudado á empresa perante o mes de agosto de 2012, pola limpeza das dependencias do Concello de Vigo, que se imputarán a partida presupostaria 9220.2270000.

22(1419).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES REALIZADOS NA POLICÍA LOCAL NOS MESES DE XULLO A SETEMBRO 2012. EXPTE. 36674/212.

Dáse conta dos expedientes de contratos menores realizados na Policía Local nos meses de xullo a setembro 2012, segundo informe do adxunto xurídico da Policía Local, do 25.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
35980-212	1320.2219900	SU	SUBMINISTRO BATERÍAS EQUIPOS COMUNICACIÓN S	CIES	22/06/12	02/07/12	3.345,30€
36367-212	1320.2140000	SE	REPARACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN MEDIOS LOCOMOCIÓN		05/09/12	17/09/12	3.000,00€

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

23(1420).- DAR CONTA DAS RECLAMACIÓN POR DANOS CAUSADOS AO PATRIMONIO MUNICIPAL, EXTRAJUDICIALMENTE E XUDICIALMENTE, NOS MESES DE XULLO A SETEMBRO 2012. EXPTE. 36675/212.

Dáse conta da relación de expedientes finalizados durante o terceiro trimestre do ano 2012 (xullo, agosto e setembro) de reclamacións por prexuízos causados ao patrimonio municipal (xudicial e extraxudicial), segundo informe do adxunto xurídico da Policía Local, do 25.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área:

Expediente	Xulgado/Responsable	Procedemento	Importe
36121-212	INSTRUCCIÓN 5 VIGO	D.P.P.A. 1961/08	724,64€
34475-212	INSTRUCCIÓN 7 VIGO	X.FALTAS 77/11	84,00€

34628-212	INSTRUCCIÓN 8 VIGO	X.FALTAS 434/11	259,08€
34980-212	INSTRUCCIÓN 8 VIGO	D.P.P.A. 6209/11	591,76€
35136-212	MAPFRE FAMILIAR		213,48€
35180-212	MAPFRE FAMILIAR		265,00€
35260-212	X.PENAL 2 VIGO	P.P.A. 86/12	245,43€
35481-212	INSTRUCCIÓN 2 VIGO	X.RÁPIDO 1603/12	630,57€
35741-212	MAPFRE FAMILIAR		902,20€
35746-212	INSTRUCCIÓN 3 VIGO	D.P.P.A. 2964/12	677,41€
36064-212	A.M.A.		177,50€

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

24(1421).- AXUDAS ESPECIAIS OUTUBRO 2012 CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 23564/220

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 19.10.2012, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención, do 26.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 04 de outubro de 2012 por un importe total de **11.403,00 €** (ONCE MIL CATROCIENTOS TRES EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos empregados/as públicos municipais que se indican-segundo relación contida no cadro anexo- cos importes que no mesmo se especifican:

NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
BRUZÓN ALCAÑIZ, ROCÍO	36058643	18626	1.110,00 €
BUGALLO CORRALES, JOSÉ E.	36142415	79109	3.039,00 €
EXPÓSITO OLALLA, LIDIA	36089121	80478	96,00 €
FARO CHAMADOIRA, ÁNGELES	36033947	15071	5.243,00 €
FERNÁNDEZ ALONSO, JOSÉ ÁNGEL	36037789	12055	1.915,00 €
SUMA TOTAL			11.403,00 €

25(1422).- GASTOS LOCOMOCIÓN AGOSTO-SETEMBRO 2012 CONSERXERÍA. EXPTE. 23577/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 24.10.2012, conformado polo concelleiro de

Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención, do 26.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o gasto por un importe de **979,26 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Fernando Fernández Amil e que remata en D. Julio Yáñez Rodríguez-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.16 2-E	13706	Agosto-Setembro 2012	623,77 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.49 6-H	17822	Agosto-Setembro 2012	355,49 €
TOTAL						979,26 €

	SERVIZO	TOTAL
9220	CONSERXERÍA	979,26 €
	TOTAL	979,26 €

26(1423).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN ABRIL-SETEMBRO 2012. EXPTE. 23565/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 19.10.2012, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención, do 26.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o gasto por un importe de **7.353,16 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. J. Francisco Gutiérrez Orúe e que remata en D^a Beatriz Alonso Asenjo-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
5755/5764-320	Part. Cidadá	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Xullo-Agosto 2012	130,10 €
5776/5777-320		Zaragoza Bastos, Juan		17704	Xullo-Agosto 2012	90,06 €
8888/9136-77	D.Local e Empleo	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Xuño e Setembro 2012	67,64 €
83683-210	Mobili.Trans.e Seg	Alonso González, José Ramón	36.026.001-C	15208	Setembro 2012	64,22 €
83684-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Setembro 2012	167,01 €
83685-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Setembro 2012	167,77 €
83686-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Setembro 2012	173,47 €
25810/25817-502, 25819/25826-502, 26092/26098-502, 26116/26122-502	Inspección Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Maio-Agosto 2012	614,46 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Maio-Agosto 2012	687,61 €
		Mosquera Pérez, Gonzalo	35.982.394-K	12351	Maio-Agosto 2012	599,64 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Maio-Agosto 2012	624,91 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Maio-Agosto 2012	729,22 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Maio-Agosto 2012	943,54 €
		Román Casas, Juan Carlos	36.011.347-V	8349	Maio-Agosto 2012	217,74 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Setembro 2012	104,88 €
6706-446	Montes, Parques e Xardíns	Argibay Barciela, Gonzalo	36.035.612-V	11765	Xuño-Setembro 2012	573,04 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Vázquez Díaz, José Manuel	36.044.945-N	22958	Agosto-Setembro 2012	45,60 €
		Ogando López, José Manuel	76.669.569-C	13913	Agosto-Setembro 2012	31,92 €
77837-301	Benestar Social	Malvido Rodríguez, Azucena	78.739.579-E	78717	Xullo 2012	7,60 €
78349-301		Martínez Guede, Silvia	36.142.885-H	80631	Xullo-Agosto 2012	10,07 €
78350-301		Fajín Torres, Yolanda	33.297.554-V	79174	Xullo-Agosto 2012	25,08 €
9334-445	Parque Móbil	Alonso Ferragud, Santiago	35.973.972-V	16691	Setembro 2012	216,24 €
12912-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Xuño-Xullo 2012	447,26 €
	Educación	Codesido Rodríguez, J.Felipe	36.081.823-K	19399	Setembro 2012	117,04 €
		Silva Lorenzo, Alfonso	36.002.568-R	15668	Agosto-Setembro 2012	66,88 €
		Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Abril-Setembro 2012	430,16 €
TOTAL						7.353,16 €

	SERVIZO	TOTAL
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	287,80 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	572,47 €

9310	Inspección Tributos	4.417,12 €
1640	Cemiterios	104,88 €
1710	Montes, Parques e Xardíns	573,04 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	77,52 €
2310	Benestar Social	42,75 €
1551	Parque Móbil	216,24 €
3134	Sanidade	447,26 €
3210	Educación	614,08 €
	TOTAL	7.353,16 €

27(1424).- RECTIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 31/08/2012 DE GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 23418/220

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de Recursos Humanos, do 31.08.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

"Primeiro.- Rectificar de oficio o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/08/2012, non asignando ao empregado municipal D. Eladio Puentes Rodríguez, con DNI nº 36.021.746-C, e nº persoal 14947, cantidade algunha como gastos de locomoción."

"Segundo.- Intervención Xeral deberá reintegrar a contía de 192,66 euros á partida 2312000 gastos de locomoción, funcional 3210-Educación"

28(1425).- ABOAMENTO CAMPAÑA DESINFECCIÓN 2012. EXPTE. 23380/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 14.08.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 25.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar aos funcionarios do Servizo de Desinfección que a continuación se relacionan un complemento de produtividade polos importes que se indican, polo especial rendemento, iniciativa e interese demostrado no desempeño das funcións encomendadas na realización da Campaña de desratización levada a cabo no ano 2012:

- ▣ D Manuel Antonio Pereiro Alonso, Oficial Desinfector, con nº de persoal 17578, por importe de 2010.63 €
- ▣ D Andres Avelino Pardellas Avion, , Oficial desinfector, con nº de persoal 09722, por importe de 2010.63 €
- ▣ D Jose Manuel Sousa Atrio, Oficial desinfector, con nº de persoal 22790, por importe de 1946.81€

- D Alberto Seijas Fernandez, Oficial desinfectador, com n de persoal 81369, por importe de 2010.63.€
- D Ramon Seijas Alvarez, Capataz do Servizo de desinfeccion, con n de persoal 16350, por importe de 2010.63€
- D Jesus Perez Tome, Oficial Conductor, com nº de persoal 13675 por importe de 2010.63 €

Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 11999,96 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo a partida orzamentaria 922.0.1500000 "Productividade"

29(1426).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA AREA DE XESTIÓN SOBRE ACUMULACIÓN POSTO XEFE NEGOCIADO XUNTA GOBERNO LOCAL. EXPTE. 23605/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión Municipal, de data 3.05.2012, a proposta da secretaria do Goberno Local, que se transcribe a continuación:

"De conformidade coa RPT aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 20 de setembro do 2010, aprobou a relación de postos de traballo, así como as súas instrucións e anexo para o exercicio 2010, que foi rectificadas en sesións do mesmo órgano de datas 11 de outubro e 2 de novembro do 2010 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 220 do 16 de novembro de 2010, a estrutura administrativa da Secretaría Xeral está integrada, con independencia dos correspondentes á funcionarios con habilitación de carácter estatal, polos seguintes postos

Xefe/a Negociado de Actas
 Xefe/a Negociado Xunta de Goberno Local
 Administrativo
 Auxiliar administrativo

A traballadora que ocupa o posto de Xefa de Negociado da Xunta de Goberno Local atopárase ausente a partir do día 3 de maio, descoñecendo a data da súa reincorporación ó seu posto de traballo, pero prevéndose dita ausencia de longa duración.

Dada a periodicidade da Xunta de Goberno Local, así como as competencias que lle corresponden en aplicación da normativa reguladora do réxime local, non resulta posible non proceder á cobertura da ausencia da titular do posto con efectos prolongados, polo que, dadas as circunstancias concorrentes, resulta necesario instrumentar unha solución a dita situación que posibilite o correcto funcionamento do negociado da XGL.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e seus organismos autónomos para o exercicio 2009, sinalan no seu apartado terceiro que con cargo ó complemento de produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos

seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións, establecendo que en todo caso, retribuirase

"A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado."

Vista a estrutura do Servizo, e dentro da posibilidade indicada de proceder á acumulación temporal de dous postos de traballo, e considerando acreditados os motivos de urxencia e necesidade, a solución máis idónea para dar resposta ó funcionamento da Xunta de Goberno Local, sería a acumulación ó posto de administrativo de Secretaría, do posto de Xefe/a de Negociado da Xunta de Goberno Local, que se atopa provisto por persoal pertencente á mesma escala e subescala, xa que dese xeito se garantiría o correcto funcionamento do órgano colexiado.

Considerando as competencias atribuídas á Concelleira de Xestión Municipal por Decreto de data de 13 de xuño de 2011, dende a Secretaría Xeral solicítase da mesma que se proceda a autorizar o seguinte

Primeiro.- Acumular ó posto de Administrativo de Secretaría Xeral, provisto pola funcionaria Alicia Meiriño Fernández, o posto de Xefe de Negociado de Xunta de Goberno Local, provisto pola funcionaria Mercedes Eiras Fernández, dende a data do 3 de maio e ata a reincorporación da titular.

Segundo.- De conformidade co establecido nas instrución de plantilla e relación de postos de traballo o desempeño de dito posto acumulado xerará o dereito á percepción dun complemento de produtividade por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

30(1427).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DAS COMPAÑÍAS VIAJES SANT YAGO S.A. EXPTE. 4439/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 27.07.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 1.09.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 8.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á expedición da factura 001g111868 por importe de 5.529,60 euros.
2. Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extrajudicial de crédito a favor de VIAJES SANT YAGO S.A. (A-15107535), en base ao

informe que antecede a presente proposta e se concreta na factura que se relaciona a continuación:

NUM. REXISTRO	NUM. FACTURA	IMPORTE
110163439	001G111868	5.529,60 euros
TOTAL		5.529,60 euros

3. Recoñecer a obriga a favor de VIAJES SANT YAGO S.A. (A-15107535) un importe de 5.529,60 euros, imputable a aplicación orzamentaria 4320.2260201"REC. EXT. CRED PROMOCION TURISTICA DA CIDADE"

31(1428).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE ULISES PROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L. EXPTE. 4437/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 27.07.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 27.09.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 8.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á expedición da factura 2010/89 por un importe de 18.880,00 euros.
2. Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de ULISES PROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L. (B-36957132)00, en base ao informe que antecede a presente proposta e que se concreta na relación de factura que se detalla a continuación:

NUM. REXISTRO	NUM. FACTURA	IMPORTE
110085336	2010/89	18.880,00 euros
TOTAL		18.880,00 euros

3. Recoñecer a obriga a favor de ULISES PROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L. (B-36957132) un importe de 18.880,00 euros, imputable a aplicación orzamentaria 4320.2260201"REC. EXT. CRED PROMOCION TURISTICA DA CIDADE"

32(1429).- PRESTAR CONFORMIDADE AO INFORME DO TESOUREIRO MUNICIPAL REFERENTE Á RECLAMACIÓN DE DÉBEDA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA AO CONCELLO DE PORRIÑO. EXPTE. 44/141.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor xurídico da área, do 23.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar conformidade ao informe do Sr. Tesoureiro Municipal, de data 17 de outubro de 2012, ditado no asunto “reclamación de débeda pola subministración de auga ao Concello de Porriño”.

2º.- Trasladar o acordo ao Xefe da Área de Investimentos para que a reclamación da débeda pendente se tramite de conformidade co indicado no referido informe.

O acordo remitirase tamén á Titular da Asesoría Xurídica Municipal, aos efectos oportunos.

FORA DA ORDE DO DIA

33(1430).- ADXUDICACIÓN A ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L., A CONTRATACIÓN DO SERVIZO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL. EXPTE. 71394/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 31.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de deseño e mantemento dun sitio web para o proxecto “SUM PROJECT”. (exped 8873-77) no seguinte orde decrecente:

1. Formaten Plataformas de Sistemas y Desarrollos S.L.

Segundo.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, Formaten Plataformas de Sistemas y Desarrollos S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

34(1431).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E MANTEMENTO DUN SITO WEB PARA O PROXECTO “SUM PROJECT”. EXPTE. 8873/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 29.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Adjudicar a ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de centro integral de inclusión e emerxencia social ubicado nas instalacións de Marques de Valterra nº 6 (expediente nº 71394-301) por un prezo de 1.302.968, 65 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE DE 96.516, 20 € e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento de horas de traballo do educador social en 1.820 horas.
- Aporta un vehículo de 5 prazas, valorado en 15.000 €, para a unidade de rúa, incluíndo os gastos do seu uso.
- Aporta o seguinte mobiliario e equipo audiovisual para desenvolver as actividades dinámicas de grupo, que valora en 10.000 €:

1. 1 televisor
2. 1 pantalla
3. 1 cañón
4. 1 ordenador
5. 1 proxector multimedia que cumpra como mínimo as seguintes características:
 - Resolución XGA nativa
 - 2.200 lúmenes mínimo
 - Relación de contraste 2.000:1 con modo iris automático activado
 - Obxectivo con zoom de 1,2 x
 - Altavoz incorporado
 - Terminal DVI e porto de rede RJ-45
6. 1 pantalla de proxección motorizada de 92 “, de tela mate branca e funcionamento mediante mando a distancia

7. 30 cadeiras convertibles en pupitres de estrutura metálica pulida. Asientos de polipropileno e medidas aproximadas de 620 cm ancho x 620 cm de fondo x 86 mm de alto.

Todo ilo de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

2º.- Quedar enterada da exclusión deste procedemento de EMAUS FUNDACION SOCIAL por incluír no sobre B a documentación e valoración dun vehículo de 5 prazas e do mobiliario, datos que debería incluír no sobre C, en aplicación do disposto na cláusula 12 apartado B do PCAP”.

35(1432).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,18 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.